



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TOQUES

Aprobación definitiva modificación ordenanza corta de madeira

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA NO BOP

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario de data 6 de outubro de 2023, de aprobación inicial da modificación do artigo 6 da “**Ordenanza municipal reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Toques**”, sen que durante dito período se presentase reclamación algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo coa redacción que de seguido se transcribe:

“Artigo 6.- Responsabilidade

Seran responsables, a efectos do cumprimento de todas as obrigas e responsabilidades recollidas nesta ordenanza, por esta orde:

-A persoa ou entidade solicitante da autorización municipal para realizar o traballo.

-A persoa ou persoas titulares da empresa ou establecemento mercantil que realice os labores.

No suposto de que as persoas responsables das labores de corte non cumpran as obrigas e responsabilidades establecidas na presente Ordenanza, o responsable subsidiario será o propietario (ou, no seu caso, a persoa que apareza no contrato de compraventa da madeira ou de calqueira resto forestal) da parcela onde se desenrolou a actividade en cuestión.”

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde, Don José Ángel Penas García, en data 4 de decembro de 2023.

2023/9609